



CONCELLO DE FORCAREI



AVALIACIÓN

**II PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL ENTRE
MULLERES E HOMES 2013-2017**



ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	3
OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE	5
FINALIDADES E OBXECTIVOS VALORADOS	6
ASPECTOS METODOLÓXICOS DO PROCESO AVALIATIVO	10
PROCESAMENTO DA INFORMACIÓN	11
INDICADORES DE CONTEXTUALIZACIÓN.....	13
INDICADORES LEXISLATIVOS.....	13
INDICADORES DE PARÁMETROS XEOGRÁFICOS	17
INDICADORES DEMOGRÁFICOS.....	18
INDICADORES DA ESTRUCTURA PRODUTIVA LOCAL	23
INDICADORES EDUCATIVOS, LABORAIS E FORMATIVOS.....	25
INDICADORES DE NECESIDADES E RECURSOS MUNICIPAIS.....	33
INDICADORES CUANTITATIVOS DAS ACCIÓNS REALIZADAS DO II PLAN DE IGUALDADE 2013-2017	40
INDICADORES CUALITATIVOS	58
ANÁLISE DAFO	62
CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.....	64
BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTOS ESTUDADOS	66



PRESENTACIÓN

O Concello de Forcarei mantén un compromiso coas medidas de acción positiva. O obxectivo é modificar as actuacións discriminatorias e facer presión para a eliminación dos obstáculos que impidan a participación das mulleres en igualdade de condicións que os homes en calquera ámbito da vida.

Como proba deste compromiso continuou a súa andadura **co II Plan Municipal de Igualdade de entre Mulleres e Homes para os anos 2013 a 2017**. Este plan recollía, ademais da experiencia do I Plan, un conxunto de accións que aspiraban a impregnar do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e do principio da transversalidade, a política municipal e a convivencia cidadá.

Tras finalizar o proceso de implementación do II Plan, a etapa de avaliación resulta un proceso fundamental para determinar o grao de cumprimento deste e o alcance ou impacto de xénero que tiveron as accións executadas. Os logros deste II Plan son o froito da suma dun claro reflexo da vontade política de seguir consolidando recursos dirixidos a promover o principio de Igualdade entre mulleres e homes, tanto na política municipal como na convivencia cidadá; do tesón mantido día a día fixo posible a posta en marcha destas actuacións; así como as accións que realizaron o resto das áreas e servizos municipais co obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no municipio e convertela en eixo transversal de todo o Concello.

A continuación resúmense neste informe as principais achegas, programas e actuacións que se puxeron en marcha no tempo transcorrido desde xaneiro de 2013 a xuño de 2017, enmarcadas en cada unha das 8 Áreas Temáticas nas que se estruturou o plan de acción do II Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Forcarei:

- **Área 1: Sensibilización, difusión e información orientativa.**
- **Área 2: Conciliación da vida familiar e sociolaboral.**
- **Área 3: Formación e emprego.**
- **Área 4: Saúde e benestar.**
- **Área 5: Prevención e erradicación da violencia de xénero.**
- **Área 6: Aproveitamento do tempo de lecer, asociacionismo, cultura e deporte.**
- **Área 7: Participación social.**
- **Área 8: Igualdade de Xénero a través dos medios de comunicación.**

A análise dos resultados permitirá as necesidades, problemas, centros de interese e oportunidades de mellora; definir a lista das prioridades e dos obxectivos; e examinar posibles estratexias de actuacións innovadoras.





Atendendo ás conclusións da análise, trátase de establecer os obxectivos xerais e operativos de cada unha das áreas de actuación cos seus correspondentes indicadores de avaliación e temporalización, que se levará a cabo a través do novo “III Plan Municipal Xeral de Igualdade entre mulleres e homes 2017-2022 do Concello de Forcarei.



OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

O estamento encargado de levar a cabo o cumprimento do Plan de Igualdade é o **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Forcarei**, sendo o impulsor da coordinación e organización das iniciativas transversais en torno ao tratamento da igualdade en todos os ámbitos da política de xestión municipal, así como da implicación dos demais departamentos do consistorio municipal.

Así mesmo está en grande medida implicado na elaboración, implementación, seguimento e avaliación; sendo esta última a recompilación dos resultados e conclusións do seu desenvolvemento periódico no entorno local.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Analizar o grao de consecución e adecuación das actividades ás accións e obxectivos enunciados no II Plan para coñecer os acertos e erros e poder tomar decisións cara a vindeiras planificacións.
- Coñecer o impacto do desenvolvemento, así como a calidade dos servizos e accións derivados do programa, no beneficio da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en tódolos ámbitos sociais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Comprobar se os obxectivos específicos presentados se mantiveron ao longo do plan ou foron modificados, cobrando interese os condicionantes que levaron á súa modificación.
- Coñecer que actividades das previstas se levaron a cabo completamente, cales parcialmente e cales non se puideron realizar, especificando as súas causas e alternativas aplicadas.
- Comprobar se a metodoloxía de implementación do programa foi adecuada e adaptada ao contexto.
- Definir as características contextuais actuais da poboación.
- Coñecer as impresións da poboación canto á valoración e concienciación sobre a igualdade de xénero, así como a súa utilidade, benestar e adaptación real.
- Establecer a implicación dos recursos humanos, materiais e económicos que atenden de forma directa ou indirecta á política de igualdade cidadá.
- Revisar a coherencia interna do proxecto, así como o impacto do programa no contorno social de intervención.





FINALIDADES E OBXECTIVOS VALORADOS

FINALIDADES DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE FORCAREI:

- Integrar de forma transversal a promoción da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes no deseño, execución e avaliación de todas as medidas e actuacións que se concreten nas diferentes políticas municipais.
- Establecer e garantir o acceso en igualdade de oportunidades da diversidade das mulleres á información e aos recursos públicos e privados.
- Promover un cambio cultural garantindo a inclusión da perspectiva de xénero nos aspectos relacionados coa xestión de procesos no ámbito da formación e ofertar a actualización de coñecementos e a formación en perspectiva de xénero e a igualdade entre mulleres e homes.
- Abordar e previr a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e a protección das vítimas con actuacións de carácter integral.

OBXECTIVOS XERAIS DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE FORCAREI:

- Incidir e promover un cambio de actitudes na sociedade, fomentando unha concienciación en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Conectar á cidadanía cos servizos e recursos existentes e favorecer o acceso a eles, para promover a participación social e a concienciación da poboación nesta temática.
- Establecer unha igualdade na equiparación da participación social e política de mulleres e homes no municipio.
- Favorecer o acceso das mulleres ao ámbito laboral e mellorar a súa formación.
- Promover o reparto equilibrado das responsabilidades entre homes e mulleres, así como favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- Fomentar e impulsar a participación das mulleres no ámbito asociativo, así como unha maior presenza de mulleres nos ámbitos de educación, cultura e deporte, e fomentar nestes eidos a desaparición de aspectos non igualitarios.



- Detectar as problemáticas existentes en materia de saúde e prevención nas mulleres e mellorar a información referente a esta temática.
- Facilitar e lograr a integración plena das mulleres nos ámbitos da vivenda e o medio no que se relaciona.
- Prever e educar á poboación na loita en contra da violencia de xénero, a través de pautas de actuación, dereitos e deberes cidadáns.
- Mellorar os recursos comunitarios destinados á area da muller existentes no municipio.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS ÁREAS DE ACTUACIÓN QUE CONFORMAN O II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE FORCAREI:

ÁREA 1: SENSIBILIZACIÓN, DIFUSIÓN E INFORMACIÓN ORIENTATIVA:

- | | |
|-------------|--|
| OBXECTIVO 1 | Promover un cambio de actitudes nas administracións, fomentando unha concienciación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. |
| OBXECTIVO 2 | Facilitar encontros ou experiencias que inculquen valores en materias de igualdade. |
| OBXECTIVO 3 | Fomentar valores de igualdade no conxunto da poboación. |
| OBXECTIVO 4 | Dar a coñecer ao conxunto da poboación o II Plan de Igualdade cos seus propósitos e medidas. |
| OBXECTIVO 5 | Informar sobre os recursos e servizos existentes nos diferentes niveis de aplicación. |
| OBXECTIVO 6 | Difundir a visión dun Concello igualitario, con propostas implícitas en cada unha das áreas de actuación. |

ÁREA 2: CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E SOCIOLABORAL:

- | | |
|-------------|---|
| OBXECTIVO 1 | Promover o reparto equilibrado das responsabilidades entre homes e mulleres no ámbito doméstico. |
| OBXECTIVO 2 | Sensibilizar á poboación do municipio sobre a importancia da corresponsabilidade no traballo doméstico. |
| OBXECTIVO 3 | Mellorar e manter os servizos de conciliación existentes, para facilitar a compatibilidade das obrigas laborais e familiares. |
| OBXECTIVO 4 | Facilitar o acceso das mulleres con cargas familiares ao ámbito laboral. |

ÁREA 3: FORMACIÓN E EMPREGO:

- | | |
|-------------|---|
| OBXECTIVO 1 | Coñecer a realidade existente, analizando problemáticas e |
|-------------|---|





oportunidades existentes neste ámbito de actuación.

- OBXECTIVO 2 Mellorar a formación profesional das mulleres para que poidan acceder, mellorar ou promover no posto de traballo.
- OBXECTIVO 3 Promover a inserción no mercado de traballo, facendo especial incidencia naquelas profesións que presentan unha escasa participación de mulleres.
- OBXECTIVO 4 Fomentar, orientar e asesorar a cultura emprendedora na poboación feminina.
- OBXECTIVO 5 Impulsar a eliminación de estereotipos sobre os tipos de traballo e xerarquías no mundo laboral.

ÁREA 4: SAÚDE E BENESTAR:

- OBXECTIVO 1 Analizar a realidade existente das problemáticas sociais das mulleres do municipio.
- OBXECTIVO 2 Achegar á poboación información dos recursos e servizos existentes no eido dos servizos sociais para mellorar a situación da muller.
- OBXECTIVO 3 Diminuír as problemáticas reflectidas mediante actuacións de cambio social, por medio dunha intervención directa.
- OBXECTIVO 4 Mellorar e incrementar a información no concello sobre temas de saúde.
- OBXECTIVO 5 Aumentar a formación en materia de saúde, aumentando a responsabilidade no seu benestar físico, mental e emocional.

ÁREA 5: PREVENCIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCA DE XÉNERO:

- OBXECTIVO 1 Optimizar os recursos existentes para aquelas intervencións que teñen como meta facer desaparecer a violencia de xénero.
- OBXECTIVO 2 Concienciar ao conxunto da poboación da importancia de erradicar e previr esta problemática.
- OBXECTIVO 3 Favorecer a integración plena do colectivo de mulleres maltratadas nos diferentes ámbitos.

ÁREA 6: APROVEITAMENTO DO TEMPO DE LECER, ASOCIACIONISMO, CULTURA E DEPORTE:

- OBXECTIVO 1 Desenvolver actuacións de promoción e formación que faciliten o asociacionismo de mulleres.





- OBXECTIVO 2 Apoiar aquelas asociacións de mulleres na súa consolidación e actuacións dirixidas ao ámbito da muller.
- OBXECTIVO 3 Lograr unha integración en todas as áreas do movemento asociativo que se atope involucrado en materia de igualdade.
- OBXECTIVO 4 Fomentar unha maior presenza de mulleres nos ámbitos de educación, cultura e deporte, fomentando nestes ámbitos a desaparición de aspectos non igualitarios.
- OBXECTIVO 5 Sensibilizar aos colectivos para que identifiquen e modifiquen actitudes e condutas sexistas.
- OBXECTIVO 6 Equiparar as actividades, tanto deportivas como culturais, evitando así diferenciacións por cuestión de sexo.
- OBXECTIVO 7 Propoñer, deseñar e cooperar en actuacións e proxectos coeducativos para corrixir as desigualdades a través da educación nos menores e mocidade.
- OBXECTIVO 8 Impulsar e potenciar a formación e o desenvolvemento persoal das mulleres.
- OBXECTIVO 9 Facilitar a formación ás persoas de influencia educativa formais e non formais, tanto no ámbito escolar coma no familiar.

ÁREA 7: PARTICIPACIÓN SOCIAL:

- OBXECTIVO 1 Impulsar medidas que potencien a participación social das mulleres no concello.
- OBXECTIVO 2 Incrementar a presenza de mulleres en asociacións, colectivos e no ámbito político.

ÁREA 8: IGUALDADE DE XÉNERO A TRAVÉS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN:

- OBXECTIVO 1 Establecer accións para o fomento dunha actitude crítica.
- OBXECTIVO 2 Fomentar a igualdade a través dos medios de comunicación e o emprego dunha linguaxe non sexista.
- OBXECTIVO 3 Establecer accións de educación para o consumo a favor da erradicación dos estereotipos de xénero e valoración crítica.





ASPECTOS METODOLÓXICOS DO PROCESO AVALIATIVO

PRIMEIRA FASE

- Busca de referencias documentais por parte do equipo avaliador, consultando e analizando diversas publicacións relacionadas coa avaliación desde a perspectiva de xénero e sobre a aplicación do concepto de transversalidade de xénero, así como diversos estudos sobre a situación das mulleres e homes no ámbito comarcal e en especial do ámbito local.

SEGUNDA FASE

- A través da coordinación do Departamento de Servizos Sociais e os diferentes departamentos que conforman a entidade local, así como outras institucións de índole público (sanidade, educación, seguridade, asociacións, e outros), obtense a máxima información posible sobre as distintas accións desenvolvidas, sendo estas variadas e obxectivas.

TERCEIRA FASE

- Organización dos datos extraídos e recompilación de información actualizada para establecemento do estudo e análise deles.

CUARTA FASE

- Unha vez recompilados os datos, elabórase o informe, organizando os materiais segundo as distintas áreas tendo en conta a amplitude de campos que aborda e a calidade e utilidade dos datos recollidos.
- Isto dará lugar ás conclusións sobre resultados e melloras de cara ao novo Plan de Igualdade.



PROCESAMENTO DA INFORMACIÓN

Para abordar a avaliación que contén este informe séguense catro fases de desenvolvemento:

TIPO DE AVALIACIÓN:

Cuantitativa:

Mide o número total das actuacións realizadas.

Cualitativa:

Valora o alcance das actuacións, observando especialmente que tipo de actuacións se realizaron, se as actuacións contemplan as necesidades básicas das mulleres ou os seus intereses estratéxicos.

SISTEMA DE INDICADORES DE AVALIACIÓN:

A avaliación non pretende tan só valorar o número de actuacións iniciadas, comezadas ou finalizadas, senón tamén o potencial impacto que produciron no avance da igualdade na sociedade en xeral. De acordo con estes parámetros a análise dos indicadores de avaliación tomará grande relevancia no informe.

Os indicadores son instrumentos, elementos de medida que captan unha información relativa a unha realidade e empréganse para, a partir deles, analizar a realidade e poder facer un seguimento e unha avaliación desta. A finalidade dun indicador é achegar información relacionada cos obxectivos ou actuacións planeadas, tanto poden ser un número, unha percepción, coma un lugar... As características básicas que debe cumprir un indicador xiran arredor dos seguintes aspectos:

- Deben ser válidos, é dicir, que amosen diferenzas reais.
- Deben ser accesibles, que se poidan realizar e calcular dun xeito sinxelo.
- Deben ser comprensibles, de doada interpretación.

A tipoloxía dos indicadores é moi variada (cuantitativos, cualitativos, de eficacia, de eficiencia, de realización, de contexto, de resultado, de impacto, de xénero...), polo que se deben seleccionar os considerados máis relevantes e factibles de medir. Un dos elementos básicos de medida de calquera realidade, e máis dende unha óptica de xénero, é contar con indicadores desagregados por sexo en todas as actuacións nas que se vexan implicadas e beneficiadas directa ou indirectamente persoas.

Impacto de da aplicación do plan de igualdade durante os períodos de vixencia:



Propóñense tres tipos:

En sentido negativo: cando a aplicación da actuación non só vaia conseguir a eliminación de desigualdades, senón que ademais vajas aumentar. Polo tanto, hai que reformular novos obxectivos e novas accións.

En sentido positivo: cando vaia conseguir a eliminación das desigualdades de xénero e, polo tanto, os resultados contribúan ao desenvolvemento dos obxectivos das políticas de igualdade de oportunidades.

Perpetúa a desigualdade: fai referencia a aquelas accións que non compensan a desigualdade e contribúe a mantelas, debéndose formular novamente os obxectivos e as accións.

Resultados:

A exposición dos resultados deberán estar relacionadas con tres aspectos:

Resultados directos da súa aplicación: Expresados en termos cuantitativos e desgregados por sexo. É importante recoller tanto a afectación a mulleres e homes nos resultados como as diferenzas que poidan existir na forma en que mulleres e homes participan dos resultados.

Incidencia sobre os roles e estereotipos de xénero: É necesario prever se se espera que da súa aplicación se producirá algunha incidencia sobre o conxunto de roles e estereotipos de xénero que operan no ámbito de aplicación.

Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos de igualdade de oportunidades: relación que teñen os resultados previstos cos obxectivos das políticas de igualdade de oportunidades.

D.A.F.O. e propostas de mellora:

En base á análise e valoración da consecución dos obxectivos, atenderase aos factores internos e externos que se deben ter en conta de cara ao novo Plan de Igualdade do Concello. Dende o punto de vista interno detéctanse cales son as fortalezas e as debilidades inherentes ao Concello e dende o punto de vista externo ou do entorno cales son as oportunidades para seren aproveitadas adecuadamente e as ameazas para evitalas ou mitigalas o máximo posible.

A partir da elaboración da matriz DAFO, que recolle as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades destacadas, atenderase ás recomendacións de mellora e adaptación e deseñarase o novo Plan Municipal de Igualdade do Concello de Forcarei.



INDICADORES DE CONTEXTUALIZACIÓN

INDICADORES LEXISLATIVOS

Dende o Concello de Forcarei enténdese que o dereito á igualdade entre mulleres e homes está garantido nos distintos tratados de ámbito internacional, comunitario, estatal e autonómico, que son de referencia para a elaboración deste documento e como piares para a construción dos obxectivos a acadar e a súa avaliación:

ÁMBITO INTERNACIONAL:

Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10/12/1948):

Art. 1: “Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.”

Art. 2: “Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.”

Conferencias Internacionais:

I Conferencia. México, 1975.

Convención das Nacións Unidas sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW), 1979.

II Conferencia. Copenhague, 1980.

III Conferencia. Nairobi, 1985.

IV Conferencia, Beijing, 1995.

Beijing + 5. New York.2000.

Plans Europeos:

Programa 1982-1985.

II Programa 1986-1990.

III Programa 1991-1995.

IV Programa 1996-2000

Estratexia 2001-2005.

Plan de traballo para a igualdade entre mulleres e homes (2006-2010).

Estratexia para a igualdade entre mulleres e homes 2010-2015.

Estratexia Europa 2020.



Ao abeiro do antigo artigo 111 do Tratado de Roma, desenvolveuse un acervo comunitario sobre igualdade de sexos de grande amplitude e importante calado, á súa axeitada transposición diríxese, en boa medida, esta lei. En particular, esta lei incorpora ao ordenamento español dúas directivas en materia de igualdade de trato, a 2002/73/CE, de reforma da Directiva 76/207/CEE, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais e ás condicións de traballo; e a Directiva 2004/113/CE, sobre aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e á súa subministración.

Igualdade nos Fondos Europeos:

As intervencións dos Fondos da Política de Cohesión (FSE, FEDER e FC) constitúen un poderoso instrumento de financiamento das políticas públicas.

ÁMBITO NACIONAL:

- **Constitución Española de 1978:**

Art.14: “Os españois son iguais ante a lei sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

Art.9.2: “Os poderes públicos están obrigados a remover todos os obstáculos que impidan ou dificulten as condicións de igualdade”.

- **Lei 27/2003, do 31 de xullo**, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica.
- **Lei 30/2003, do 13 de outubro**, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- **Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro**, de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros.
- **Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro**, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que modifica os artigos 33 e 57.
- **Real decreto 355/2004** polo que se crea un rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.
- **Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro**, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- **Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia de xénero 2007-2009.**
- **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo**, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- **Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.**
- **Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2008-2011.**
- **Resolución do 20 de maio de 2011**, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 28 de xaneiro de 2011, polo que se aproba o Plan de Igualdade entre mulleres e homes na Administración Xeral do Estado e nos seus Organismos Públicos.



- **Real Decreto 200/2012, do 23 de xaneiro**, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e modifícase o Real Decreto 1887/2011, de 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.
- **Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2012-2015.**
- **Resolución do 26 de novembro de 2015**, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 20 de novembro de 2015, polo que se aproba o II Plan para a Igualdade entre mulleres e homes na Administración Xeral do Estado e nos seus organismos públicos.

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA SOBRE A IGUALDADE DE XÉNERO:

- **Decreto 130/2016, do 15 de setembro**, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.
- **Lei 30/2003, do 13 de outubro**, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- **Lei 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- **Lei 5/2010, do 23 de xuño**, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- **Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- **VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.**

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO:


- **Lei 12/2016, do 22 de xullo**, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- **Resolución do 9 de xuño de 2015**, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade de 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida.
- **Resolución do 25 de novembro de 2015**, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, polo que se establece o procedemento de mobilidade das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.
- **Real Decreto 1917/2008**, de 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción socio-laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- **Real Decreto 1452/2005, de 2 de decembro**, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero.
- **Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro**, de medidas de protección integral contra a violencia de Xénero.
- **Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro**, polo que se regula a creación do Centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero.



- **Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012**, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.
- **Lei 11/2007, do 27 de xullo**, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



INDICADORES DE PARÁMETROS XEOGRÁFICOS



Forcarei é un concello da provincia de Pontevedra que pertence á comarca de Tabeirós - Terra de Montes. Linda cos concellos de Cerdedo-Cotobade, Beariz, Irixo, Silleda, Lalín e A Estrada.

Xeograficamente é un lugar montañoso. As cimas máis elevadas das terras forcaricenses son o monte Seixo (1.014 m), na serra do Cando, o alto de A Ruza (902 m), na parroquia da Madanela, o monte Custoia (951 m), en Pardesoa e o alto de San Benito (1.017 m), na serra do Candán. Nesta serra nacen as fontes que dan orixe ao río Lérez: a fonte do Rego Dedra, fonte do Pao Dereito, fonte do Rego das Latas e fonte do Forno Telleiro. O río Lérez baña as terras de Aciveiro, Pereira, Dúas Igrexas, Forcarei e Castrelo, mentres na zona norte nace o río Umia, nas proximidades do lugar da Reigosa, discorrendo logo polos límites coas terras estradenses.

Ten unha extensión de 167,7 km². Está formado polas parroquias de Aciveiro, Castrelo, Dúas Igrexas, Forcarei, Madanela de Montes, Meavía, Millarada, Pardesoa, Pereira, Quintillán, San Miguel de Presqueiras, Santa Mariña de Presqueiras, e Ventoxo.

As trece parroquias que compoñen o Concello de Forcarei están unidas entre si e coa capitalidade do Concello por estradas artelladas en torno a esta e a Soutelo de Montes, como núcleos principais de poboación e de actividade económica e social.

Canto ás comunicacións, é preciso destacar a estrada N-541, que atravesa o Concello na zona sur, debuxando un triángulo co tramo Folgoso - Silleda e a serra do Candán.


Como localidade rural, segundo o grao de clasificación de urbanización, o Concello de Forcarei pertence ao grupo de "Zonas Pouco Poboadas" (ZPP), dentro do subgrao de urbanización ZPP baixa.

O seu entorno rural caracteriza en gran medida o modo de vida da poboación, atendendo sobre todo ao tipo de servizos establecidos para cubrir as necesidades da poboación e o medio socioeconómico de subsistencia.




INDICADORES DEMOGRÁFICOS

Segundo as cifras de poboación actualizadas a 1 de xaneiro de 2017 (datos do INE) durante o período de vixencia atende ás seguintes táboas:



O número de habitantes diminúe constantemente, sendo unha baixa de 199 persoas dentro deste período de estudo.


A densidade de poboación é de 21,59 hab./km², polo que reflicte unha baixa poboación dispersa en pequenos núcleos parroquiais, característica propia do contorno rural galego.



O descenso de poboación é marcado tanto na poboación masculina como feminina, sendo discretamente maior na poboación de mulleres (perda de 107 persoas), que na dos homes (perda de 92 persoas).




Poboación segundo sexo e grupos quincenais de idade. Ano 2013



	0-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84	85 e máis
■ homes	38	47	56	61	77	90	120	129	153	114	107	72	116	138	127	148	117	97
■ mulleres	38	50	50	57	58	79	87	115	107	108	104	96	165	159	148	231	164	197

■ homes ■ mulleres


Poboación segundo sexo e grupos quincenais de idade. Ano 2014



	0-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84	85 e máis
■ homes	33	44	54	57	71	88	99	135	142	116	112	71	109	125	127	136	123	93
■ mulleres	39	44	50	52	61	70	86	118	94	116	94	101	153	162	147	203	180	191

■ homes ■ mulleres

Poboación segundo sexo e grupos quincenais de idade. Ano 2015




	0-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84	85 e máis
■ homes	40	34	57	59	64	83	99	132	130	134	111	81	100	123	126	132	129	94
■ mulleres	41	37	52	57	63	64	78	115	107	108	94	102	130	168	143	192	192	212

■ homes ■ mulleres



Poboación segundo sexo e grupos quincenais de idade. Ano 2016



Datos obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE) e Instituto Nacional de estatística (INE)

A poboación feminina é superior á masculina nas franxas de idade superiores aos 55 anos. Tendo en conta a porcentaxe en grandes grupos de idades, destácase na seguinte táboa a diferenza significativa na franxa de poboación de 65 e máis anos, que vai en progresivo aumento:

	Total	Homes	Mulleres
2013			
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	9,5	9,71	9,31
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	50,32	54,44	46,46
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	40,18	35,85	44,23
2014			
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	9,12	9,7	8,57
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	49,64	53,6	45,96
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	41,25	36,69	45,47
2015			
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	9,15	9,87	8,47
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	49,28	53,88	45,02
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	41,58	36,25	46,51
2016			
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	9,05	9,63	8,5
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	48,8	53,14	44,74
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	42,15	37,23	46,77

Segundo os datos estatísticos do IGE, a idade media da poboación de Forcarei na actualidade é de 55,78 anos. É superior nas mulleres, sendo de 58,17 anos, mentres que para os homes a idade media é de 53,22 anos.

A poboación de Forcarei sofre un progresivo envellecemento, como se pode ver na seguinte táboa:





	Total	Homes	Mulleres
2013			
Índice de envellecemento	422,74	369,06	475,1
Índice de sobreenvellecemento	19,78	16,11	22,57
2014			
Índice de envellecemento	452,43	378,18	530,37
Índice de sobreenvellecemento	20	16,76	22,42
2015			
Índice de envellecemento	454,64	367,25	548,81
Índice de sobreenvellecemento	21,36	16,99	24,51
2016			
Índice de envellecemento	465,94	386,45	550,33
Índice de sobreenvellecemento	22,71	20	24,73

Datos obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE) e Instituto Nacional de estatística (INE)

O índice de envellecemento indica a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos. Como se pode ler na táboa o índice de envellecemento é moi alto e tamén os resultados anuais indican que está a aumentar progresivamente. En comparación entre homes e mulleres, a correlación é moi superior nas mulleres. Segundo unha interpretación convencional, trátase dun indicador asociado ás transferencias interxeracionais e o seu aumento sistemático implica para a administración local unha maior inversión en saúde e servizos sociais orientados ás persoas maiores.

Por outra banda, o índice de sobreenvellecemento representa a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos. Nos resultados, representa aproximadamente un 20 % de persoas de 85 a máis anos con respecto ás persoas maiores de 65 anos.

A característica poboacional de envellecemento na area local, así como a perda de poboación, tamén vese moi influído polo movemento natural da poboación. Na seguinte táboa de datos do IGE, aténdese a un continuo un saldo vexetativo negativo:

	Nacementos	Nacementos homes	Nacementos mulleres	Defuncións	Defuncións homes	Defuncións mulleres	Saldo vexetativo
2013	14	9	5	68	37	31	-54
2014	19	11	8	47	23	24	-28
2015	9	2	7	78	31	47	-69
2016	13	9	4	73	38	35	-60

Datos obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE) e Instituto Nacional de estatística (INE)

O saldo migratorio ten pouca influencia. Trátase da diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan as saídas e se é negativo, como indica na táboa seguinte para os anos 2013 e 2016, é o contrario.



	Total	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2013	-33	-33	-31	-2	0	-3	3
2014	35	30	18	12	5	-1	6
2015	8	-2	-13	11	10	-4	14
2016	-27	-31	-26	-5	4	3	1

Datos obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE) e Instituto Nacional de estatística (INE)



INDICADORES DA ESTRUTURA PRODUTIVA LOCAL

A economía do Concello de Forcarei está condicionada polas características xerais da súa xeografía e sociodemografía dun entorno rural: dispersión poboacional, alto grao de envellecemento, progresiva despoboación e alto índice de dependencia, acceso e comunicación cos grandes núcleos poboacionais, tipos de recursos e servizos dispoñibles, acceso ás novas tecnoloxías, condicións xeográficas do solo, etc. Estas características inciden nos datos socioeconómicos, nas oportunidades de saídas e inserción laboral, benestar familiar e polo conseguinte o establecemento de recursos sociais na atención da poboación e calidade de vida das veciñas e veciños do entorno local.

Canto aos datos económicos a nivel local, as características obxectivas amósanse na seguinte táboa:

Agricultura	Dato	Período	Fonte
Número de explotacións de gando bovino	220	2014	IGE-CMR
Total bovinos	4.331	2014	IGE-CMR
Administración pública	Dato	Período	Fonte
Ingresos municipais	2.933.663	2015	MH
Impostos directos	726.375	2015	MH
Impostos indirectos	14.739	2015	MH
Taxas e outros	248.812	2015	MH
Rendemento medio do IRPF	10.748	2014	AEAT
Construción	Dato	Período	Fonte
Número de vivendas a crear de nova planta	0	2016	IGE-MF
Variación neta do parque de vivendas	1	2016	IGE-MF
Número de edificios a crear de nova planta	1	2016	IGE-MF
Parque de vehículos	Dato	Período	Fonte
Total	2.763	2016	DGT
Turismos	2.171	2016	DGT
Vehículos turismo matriculados	50	2016	DGT
Sistema de contas	Dato	Período	Fonte
Renda dispoñible bruta por habitante	11.543,95	2009	IGE
Produto interior bruto por habitante	13.384	2014	IGE
Empresas	Dato	Período	Fonte
Empresas por condición xurídica			
Total	400	2015	IGE
Persoas físicas	309	2015	IGE
Sociedades anónimas	3	2015	IGE
Sociedades de responsabilidade limitada	61	2015	IGE
Cooperativas	1	2015	IGE
Outras	26	2015	IGE
Empresas por estrato de asalariados			
De 0 a 2 asalariados	375	2015	IGE
De 3 a 5 asalariados	12	2015	IGE
De 6 a 9 asalariados	6	2015	IGE
De 10 a 19 asalariados	1	2015	IGE
De 20 a 49 asalariados	5	2015	IGE
De 50 a 99 asalariados	1	2015	IGE
De 100 a 249 asalariados		2015	IGE
De 250 ou máis asalariados		2015	IGE
Número de unidades locais	253	2015	IGE



O núcleo económico dentro do medio local, incide nas seguintes empresas por actividade (últimos datos actualizados polo INE no período 2015):

Empresas por actividade	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
	178	25	50	147

Canto á industria, Forcarei conta con dous pequenos polígonos: Polígono Industrial de Cachafeiro e o Polígono Industrial de Vilapouca, que seguen en fase de expansión, dando oportunidade da oferta laboral na zona.

Atendendo aos sectores económicos internos por actividade, o sector primario representa o 44,5 %, o sector secundario o 18,75% (sendo para industria o 6,25% e construción o 12,5%), e finalmente o sector servizos representa o 36,75%.

Porén, os termos que inciden na economía de cada unha das familias están reflectidas no emprego, no que as oportunidades laborais atópanse dentro do contorno local e fóra del, como na cidade de Pontevedra, concellos limítrofes e inclusive noutras comunidades. Así, dentro do estrato da poboación activa, reflíctense os seguintes datos:

Afiliacións en alta laboral	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	1.075	571	504	2017/Setembro	SS
Afiliacións en alta laboral por sectores			Dato	Período	Fonte
Agricultura e pesca			173	2017/Setembro	SS
Industria			218	2017/Setembro	SS
Construción			125	2017/Setembro	SS
Servizos			559	2017/Setembro	SS
Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social			47	2016	CT
Nº de contratos iniciais rexistrados			664	2016	CT

O sector servizos segue a ter uns resultados superiores nas estatísticas, aínda que moitas das contratacións son de tipo temporal. Os servizos acadan un 52% de altas laborais para a poboación de Forcarei. A hostalería e o turismo experimentan un gran aumento, xa que o contexto histórico cultural, patrimonial e medioambiental do Concello de Forcarei favorece ás expectativas produtivas locais. Como exemplo, destácase o turismo rural, gastronomía e festas de interese cultural.



INDICADORES EDUCATIVOS, LABORAIS E FORMATIVOS

A educación é un factor importante dentro dos reclamos de atención local. O índice formativo da poboación mellorou co paso do tempo, sobre todo entre a mocidade, aínda que hai que destacar a incidencia da taxa de arredor dun 17,8% de fracaso e abandono temperán dos estudos, problemática esta que a nivel local se propón atallar con servizos socioeducativos e formativos en coordinación cos centros educativos públicos locais, tanto en traballo directo co alumnado como no asesoramento familiar.

O concello conta cos seguintes centros educativos: o CEIP Nosa Señora das Dores, CEIP Soutelo de Montes, IES Chano Piñeiro e o centro de Educación Infantil incluído na rede Galiña Azul (este último favorecedor da conciliación familiar-laboral). Segundo a última información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o número de alumnos ata o ano académico 2015 amósase na seguinte táboa. Antes cabe destacar que as variacións referidas para os anos 2016 e 2017 son de baixo movemento.

	2013			2014			2015		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Educación infantil	36	15	21	43	20	23	43	18	25
Educación primaria	118	63	55	115	57	58	104	52	52
ESO	110	59	51	110	64	46	105	59	46

Unidades de funcionamento dos ensinos non universitarios na área escolar do concello de Forcarei:

	2013	2014	2015	2016-2016
Total	24	24	22	22
Infantil	3	1	0	0
Primaria	10	8	8	8
Mixtas infantil/primaria	0	4	5	5
ESO	9	9	7	7
Formación profesional básica	-	-	0	0
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	0	0	0	0
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	0	0	0	0
Bacharelato ordinario	2	2	2	2
Programas de cualificación profesional inicial	0	0	0	0

A formación incide na adquisición de competencias de cualificación e na capacitación das persoas cara a unha futura inserción laboral e/ou melloras nos postos de traballo. A cualificación formativa e a adquisición de certificados profesionais supoñen mellores oportunidades para a inserción laboral. Destácase na seguinte táboa como a cualificación formativa prevalece en maior importancia sobre as disposicións laborais na inserción laboral:



Contratos iniciais segundo xénero e nivel de formación			
Ano	Total	Homes	Mulleres
SEN ESTUDOS			
2013	11	7	4
2014	6	5	1
2015	1	1	0
2016	6	4	2
Ata outubro de 2017	3	0	3
ESTUDOS PRIMARIOS			
2013	87	64	23
2014	67	44	23
2015	87	46	41
2016	148	89	59
Ata outubro de 2017	115	91	24
ESTUDOS SECUNDARIOS			
2013	335	212	123
2014	368	215	153
2015	427	197	230
2016	519	238	281
Ata outubro de 2017	387	202	185
ESTUDOS SUPERIORES			
2013	35	11	24
2014	29	17	12
2015	52	21	31
2016	41	14	27
Ata outubro de 2017	55	18	37

Segundo os datos da táboa anterior, soamente nos contratos iniciais referente aos estudos superiores, os resultados en comparanza entre homes e mulleres son superiores. Con estudos primarios e secundarios a inserción laboral vese máis favorecida para os homes que para as mulleres.

Os contratos rexistrados segundo o sector de actividade económica, modalidade de contrato e localidade do centro de traballo amósanse na seguinte táboa por períodos anuais. Estes datos obxectivos pertencen á Consellería de Economía, Emprego e Industria. A clasificación dos contratos faise segundo a localidade do centro de traballo, independentemente de que o contrato se rexistrase dentro da Comunidade galega ou fóra dela. Estes datos están clasificados pola CNAE 2009, incluíndose dende 2012 os contrato do servizo do fogar familiar.



	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Total de contratos rexistrados					
2013	402	9	54	23	316
2014	457	6	72	13	366
2015	668	13	59	22	574
2016	695	15	76	23	581
Total de contratos iniciais					
2013	388	8	44	23	313
2014	440	6	62	11	361
2015	647	12	52	22	561
2016	664	14	61	21	568
Indefinido ordinario e fomento do emprego					
2013	15	0	6	0	9
2014	25	0	15	2	8
2015	18	0	8	3	7
2016	23	1	6	2	14
De obra ou servizo					
2013	133	8	16	21	88
2014	156	5	19	9	123
2015	202	8	12	11	171
2016	268	11	17	17	223
Eventual por circunstancias da produción					
2013	194	0	16	0	178
2014	218	0	11	0	207
2015	378	3	26	7	342
2016	320	2	30	2	286
Interinidade					
2013	21	0	3	1	17
2014	20	0	9	0	11
2015	23	1	3	0	19
2016	37	0	7	0	30
En prácticas					
2013	1	0	0	0	1
2014	2	0	2	0	0
2015	1	0	0	1	0
2016	0	0	0	0	0
Para a formación					
2013	13	0	3	1	9
2014	17	1	6	0	10
2015	13	0	3	0	10
2016	1	0	0	0	1
Outros					
2013	11	0	0	0	11
2014	2	0	0	0	2
2015	12	0	0	0	12
2016	15	0	1	0	14
Conversións a indefinidos					
2013	14	1	10	0	3
2014	17	0	10	2	5
2015	21	1	7	0	13
2016	31	1	15	2	13



En comparación cos datos referidos ao número de empresas no sector económico interno, a nivel de contratación laboral, o sector primario representa aproximadamente o 2,16%, o sector secundario 14,24% e o sector servizos o 83,60%.

Dentro da poboación activa, as contratacións laborais amosan diferenzas significativas entre as mulleres e os homes, sendo de forma significativa máis positivas para os homes que para as mulleres:

Contratos iniciais segundo xénero, duración do contrato e localidade de residencia do traballador									
	Homes			Mulleres					
	Total	Indefinidos	Temporais	Total	Indefinidos	Temporais	Total	Indefinidos	Temporais
2013	468	21	447	294	6	288	174	15	159
2014	470	29	441	281	13	268	189	16	173
2015	570	19	551	267	11	256	303	8	295
2016	714	19	695	345	7	338	369	12	357
De xaneiro ata outubro 2017	560	20	540	311	15	296	249	5	244

Información subministrada directamente da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Así mesmo, estas diferenzas destácanse nas Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral:

	Total	Homes	Mulleres
2013/Marzo	1017	536	481
2013/Xuño	1030	544	486
2013/Setembro	1034	552	482
2013/Decembro	1014	525	489
2014/Marzo	1030	541	489
2014/Xuño	1040	561	479
2014/Setembro	1055	569	486
2014/Decembro	1027	543	484
2015/Marzo	1056	568	488
2015/Xuño	1073	573	500
2015/Setembro	1059	563	496
2015/Decembro	1061	562	499
2016/Marzo	1045	552	493
2016/Xuño	1047	561	486
2016/Setembro	1066	573	493
2016/Decembro	1067	554	513
2017/Marzo	1060	558	502
2017/Xuño	1073	570	503
2017/Setembro	1077	571	506

A data de referencia dos datos é do día 6 para os meses de abril, xullo e outubro de 2013 e o último día de mes para os meses de decembro de 2013 e posteriores. Inclúense as afiliacións no réxime xeral de convenios especiais. O día 30/01/2014 modificáronse os datos da táboa e pasáronse a



publicar as afiliacións segundo o concello de residencia da persoa afiliada, que se obtén cruzando o ficheiro de afiliacións co Padrón municipal continuo do INE.

Da mesma forma, para o paro rexistrado segundo xénero e sector de actividades, os datos amosan diferenzas significativas de xénero, sendo resultados máis negativos para a poboación de mulleres en idade activa:

		Total	Homes	Mulleres
Paro total				
	2013	257	145	112
	2014	213	116	98
	2015	188	103	85
	2016	164	93	71
2017/Xaneiro		161	91	70
2017/Febreiro		153	89	64
2017/Marzo		150	81	69
2017/Abril		138	78	60
2017/Maio		139	83	56
2017/Xuño		126	77	49
2017/Xullo		114	72	42
2017/Agosto		127	77	50
2017/Setembro		129	76	53
2017/Outubro		135	80	55
Agricultura gandería				
	2013	13	8	5
	2014	10	5	4
	2015	7	4	3
	2016	6	5	2
2017/Xaneiro		8	7	1
2017/Febreiro		9	8	1
2017/Marzo		6	5	1
2017/Abril		8	7	1
2017/Maio		7	6	1
2017/Xuño		7	6	1
2017/Xullo		5	5	0
2017/Agosto		4	4	0
2017/Setembro		3	3	0
2017/Outubro		8	8	0
Industria				
	2013	32	19	13
	2014	23	11	12
	2015	21	10	12
	2016	14	7	7
2017/Xaneiro		15	7	8
2017/Febreiro		16	7	9
2017/Marzo		17	7	10
2017/Abril		18	9	9
2017/Maio		20	11	9
2017/Xuño		17	10	7
2017/Xullo		13	8	5
2017/Agosto		16	11	5
2017/Setembro		15	10	5
2017/Outubro		17	12	5
Construción				
	2013	67	65	2
	2014	49	47	2



	2015	36	35	1
	2016	31	31	0
2017/Xaneiro		25	25	0
2017/Febreiro		27	27	0
2017/Marzo		24	24	0
2017/Abril		21	21	0
2017/Maio		20	20	0
2017/Xuño		20	20	0
2017/Xullo		19	19	0
2017/Agosto		22	22	0
2017/Setembro		19	19	0
2017/Outubro		15	15	0
Servizos				
	2013	126	46	80
	2014	115	47	68
	2015	107	47	60
	2016	104	48	56
2017/Xaneiro		104	52	52
2017/Febreiro		94	47	47
2017/Marzo		93	45	48
2017/Abril		83	40	43
2017/Maio		85	45	40
2017/Xuño		76	40	36
2017/Xullo		72	39	33
2017/Agosto		78	38	40
2017/Setembro		86	41	45
2017/Outubro		86	39	47
Sen emprego anterior				
	2013	18	7	11
	2014	17	6	11
	2015	16	6	10
	2016	8	2	6
2017/Xaneiro		9	0	9
2017/Febreiro		7	0	7
2017/Marzo		10	0	10
2017/Abril		8	1	7
2017/Maio		7	1	6
2017/Xuño		6	1	5
2017/Xullo		5	1	4
2017/Agosto		7	2	5
2017/Setembro		6	3	3
2017/Outubro		9	6	3

Cómpre destacar que nos sectores máis masculinizados (industria e construción) os resultados amosan baixas cantidades de mulleres en situación de paro. Pola contra, no sector servizos corresponde a unha diferenza aproximada do 45% para o ano 2016 e equiparando os resultados durante o ano 2017. Por outra banda, no sector primario da agricultura e gandería o paro rexistrado é sensiblemente maior para os homes, pero tendo en conta que neste sector dalgunha maneira os membros familiares axudan nas tarefas laborais, sobre todo as mulleres, contribuíndo ao sustento familiar dada a crise do rendemento produtivo.

A formación incide na adquisición de competencias de cualificación e na capacitación das persoas cara á futura inserción laboral e/ou melloras nos postos de traballo. A cualificación formativa e a



adquisición de certificados profesionais supoñen mellores oportunidades para a inserción laboral. Destácase na seguinte táboa como a cualificación formativa prevalece en maior importancia sobre as disposicións laborais na inserción laboral:

Contratos iniciais segundo xénero e nivel de formación. Datos do IGE-INE.			
Ano	Total	Homes	Mulleres
SEN ESTUDOS			
2013	11	7	4
2014	6	5	1
2015	1	1	0
2016	6	4	2
Ata outubro de 2017	3	0	3
ESTUDOS PRIMARIOS			
2013	87	64	23
2014	67	44	23
2015	87	46	41
2016	148	89	59
Ata outubro de 2017	115	91	24
ESTUDOS SECUNDARIOS			
2013	335	212	123
2014	368	215	153
2015	427	197	230
2016	519	238	281
Ata outubro de 2017	387	202	185
ESTUDOS SUPERIORES			
2013	35	11	24
2014	29	17	12
2015	52	21	31
2016	41	14	27
Ata outubro de 2017	55	18	37

Dende esta perspectiva, a formación repercute na busca de emprego e inserción laboral. Atendendo aos datos da táboa anterior, só nos contratos iniciais referente aos estudos superiores os resultados en comparanza entre homes e mulleres son superiores. Con estudos primarios e secundarios a inserción laboral vese máis favorecida para os homes que para as mulleres.

Tras a análise dos datos, extráense as seguintes conclusións obxectivas:

Por un lado, no aspecto formativo e saídas laborais, as oportunidades das mulleres e homes aumentan segundo avanzamos nos niveis formativos de estudos secundarios e posteriores. A cualificación profesional precisa de formación profesional regrada para ter maior oportunidades de inserción. Porén, seguen a existir dificultades na equiparación do traballo laboral cos estudos, sobre todo con estudos superiores.

Aínda segue a existir unha pequena e significativa diferenza na inserción laboral a favor das persoas de sexo masculino. Tamén é destacable o número de contratos e o rexistro de paro no sector servizos, onde o colectivo das mulleres atende a unha maior expectación, mentres que nos homes distribúese tamén no sector secundario.



O crecemento da poboación activa no Concello de Forcarei durante o período de vixencia do Plan de Igualdade, non ten moita variación posto que, ao ser unha poboación envellecida e polo seu baixo índice de natalidade, esta variación apenas se aprecia a niveis estatísticos. Esta variación débese sobre todo á incorporación da muller ao traballo, mentres que o seu baixo crecemento débese a un saldo vexetativo negativo continuo.

É de destacar que o paso de activo a inactivo non está moi claro, xa que estas dúas situacións non teñen unha liña moi definida debido ás súas características no ámbito rural. Neste caso, as mulleres que traballan na agricultura, amas de casa, ou coidan ás persoas dependentes asumen un rol moi importante na atención e na economía familiar, pero non contan dentro da poboación activa.

A entidade local amosa gran importancia de potenciar novas oportunidades de emprego para as mulleres rurais, e incide no fomento de novas actividades que permitan unha transformación máis competitiva para o medio rural.

Tamén as asociacións se converten en importantes aliadas para a difusión e posta en marcha de moitos programas deseñados e impulsados dende a entidade local e a administración galega (Deputación de Pontevedra e a Xunta).

Finalmente, continúaase traballando, considerando como prioridade a participación das mulleres nos espazos de poder e toma de decisións do medio rural e o asociacionismo coma unha das ferramentas máis eficaces para conseguilo, polo que tanto organizacións agrarias coma cooperativas e grupos de desenvolvemento rural deben recoller unha presenza en órganos directivos acorde coa realidade das mulleres no ámbito local.



INDICADORES DE NECESIDADES E RECURSOS MUNICIPAIS

A conciliación da vida persoal, familiar e profesional é algo que afecta tanto ás mulleres como aos homes. Porén, as mulleres teñen máis dificultades para facer compatibles o ámbito profesional e o persoal. O propósito xeral é progresar no desenvolvemento dunha perspectiva social máis aberta e proclive á corresponsabilidade:

- Poñer en valor as tarefas doméstico - familiares e de coidado das persoas no marco dunha nova cultura dos traballos e da corresponsabilidade.
- Reforzar os modelos de organización social corresponsable que inclúan a racionalización de horarios e favorezan o equilibrio entre a vida profesional, familiar e persoal de mulleres e homes.
- Potenciar o desenvolvemento e a adecuación dos servizos sociocomunitarios que facilitan a conciliación con especial atención ás situacións de vulnerabilidade.
- Manter unha organización de recursos locais orientada a mellorar a calidade de vida da cidadanía cun enfoque de igualdade de xénero.

O conxunto de fogares contan cunha gran diversidade de modos de transitar pola institución familiar, as estatísticas oficiais (INE, IGE e EUROSTAT) condénsanos en sete tipos: unipersoais, sen núcleo, parella con fillos, parella sen fillos, monoparentais, un núcleo e outros, e varios núcleos. Agora ben, se se comparan os últimos datos dos fogares do ano 2001 (2.215 vivendas) fronte ao 2011 (2.599 vivendas), este incremento débese aos fogares conformados por parellas sen fillos, os fogares unipersoais e os fogares monoparentais. Por outro lado, os tipos de fogares que decreceron son aqueles nos que conviven varios núcleos e un núcleo e outros.

O sustento familiar e a conciliación familiar, laboral e persoal conciben unha grande importancia o que repercute no benestar e calidade de vida. Por iso, a obtención de recursos económicos, conciliadores do tempo e de atención á saúde e dependencia convértense en puntos fortes na atención social. Segundo esta temática o tempo representa unha dimensión fundamental a través da cal as persoas organizan as súas vidas na sociedade, ademais de establecer e regular os ritmos colectivos da poboación. Así as diferenzas entre mulleres e homes na percepción do uso do tempo implica os seguintes ámbitos:

- Necesidades persoais.
- Coidado familiar.
- Mantemento do fogar.
- Traballo doméstico.
- Ocio e tempo de lecer.
- Participación social.



- Tarefas de xestión.

Atendendo a unha característica de ámbito rural de cara ao benestar, téñense en conta os seguintes datos estatísticos dos ficheiros da Seguridade Social con data do 31 de decembro de cada ano:



Número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social segundo sexo e tipo de pensión									
	Total			Homes			Mulleres		
	Total	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación
2013	45	20	25	16	6	10	29	14	15
2014	45	20	25	15	6	9	30	14	16
2015	44	21	23	15	7	8	29	14	15
2016	47	21	26	17	7	10	30	14	16

Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo						
	Total		Homes		Mulleres	
	Número	Importe medio	Número	Importe medio	Número	Importe medio
2013	1489	637,42	600	657,21	889	624,06
2014	1511	644,35	608	666,3	903	629,57
2015	1475	651,19	602	671,3	873	637,32
2016	1452	657,61	593	676,6	859	644,49

Beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e das Axudas de Inclusión Social (AIS) segundo sexo						
	RISGA			AIS		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
2013	10	3	7	4	0	4
2014	4	1	3	1	0	1
2015	3	1	2	0	0	0
2016	2	1	1	0	0	0

Persoas con algunha discapacidade segundo tipo e grao de discapacidade por sexo									
	Do 33% ao 64%			Do 65% ao 74%			75% ou máis		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Física									
2013	124	63	61	56	34	22	62	39	23
2014	91	41	50	47	26	21	53	36	17
2015	129	64	65	63	33	30	60	41	19
2016	137	67	70	65	35	30	60	41	19
Psíquica									
2013	37	19	18	33	20	13	47	27	20
2014	29	12	17	28	14	14	44	26	18
2015	41	18	23	34	17	17	48	28	20
2016	45	19	26	36	18	18	48	28	20
Sensorial									
2013	26	13	13	14	9	5	21	13	8
2014	26	12	14	11	7	4	18	11	7
2015	33	17	16	14	5	9	21	8	13
2016	34	17	17	15	10	5	21	13	8

Os recursos de benestar deben dar resposta ás necesidades de toda a poboación. Pero a desigualdade percibida dos tempos das mulleres e homes atópase no papel da muller na atención ás persoas familiares (menores de idade, persoas maiores e/ou persoas dependentes). Así mesmo



a desigualdade nos tempos laborais e oportunidades de cara á conciliación e a desigualdade na remuneración salarial e pensións.

As necesidades da poboación transversalmente vinculadas á muller son apoiadas mediante os seguintes recursos:

- Recursos socioeducativos e de apoio familiar, imprescindibles para mellorar a calidade das familias e a súa integración social.
- Recursos de formación e orientación laboral para posibilitar a igualdade na inserción laboral e mellora das expectativas laborais tanto para mulleres como homes, como para a mocidade, primeiros empregos ou persoas en paro de longa duración.
- Recursos de conciliación e aproveitamento positivo do tempo de ocio e lecer, non só favorece a corresponsabilidade familiar e oportunidades laborais, senón que incrementa o beneficio social no aproveitamento do tempo persoal.
- Recursos destinados para as persoas maiores, que polas súas características, atenden a demandas relacionadas coa saúde e o benestar.
- Recursos para as persoas dependentes e familias en situación de risco, ben por problemáticas económicas, saúde, e/ou integración.
- Recursos de asesoramento familiar e prevención de situacións de desamparo e mellora da convivencia.

Tamén a saúde adquire unha importancia moi relevante de cara ao benestar. O concepto de saúde auspiciado pola Organización Mundial da Saúde defínese como un estado completo de benestar físico, mental e social, definición que pon de manifesto a produción social da saúde e a enfermidade. Isto é, as enfermidades están profundamente determinadas pola estrutura social, política e económica na que vivimos. Estes determinantes sociais da saúde son:

- As circunstancias materiais da vida e do traballo (vinculado ás condicións da vivenda, ao traballo, ao ambiente físico do contorno local, ao consumo de alimentos saudables, aos recursos de acceso á saúde,...)
- Circunstancias psicosociais (vinculado aos estereotipos psicosociais, aos postos de traballo e ás condicións de vida estresantes,...)
- Condutas, estilos de vida e/ou factores biolóxicos (fumar, a dieta, consumo de alcohol e estupefacientes, pouco exercicio físico...)
- O sistema de saúde (determinante social e mediador das consecuencias das enfermidades na vida de homes e mulleres).
- Cohesión social/capital social (recursos que emerxen desde as propias estruturas sociais).
- Situacións de dependencia física, psíquica e sensorial.



A este respecto, sobre os determinantes sociais da produción social da saúde, é necesario incorporar neles o enfoque e a perspectiva de xénero. Non se pode obviar que a saúde das mulleres e dos homes é diferente, e tamén desigual, en canto a autopercepción do estado da saúde, nas expectativas dos propios servizos sanitarios, nas enfermidades derivadas dos ámbitos laborais. De aí a importancia de que a planificación das actuacións en materia de saúde sigan un principio equitativo que contemple estas diferenzas e lles dea un tratamento axeitado.

Para dar cobertura ás necesidades percibidas, a entidade local, como xestora, precisa de ingresos económicos, que a través dos impostos municipais e as axudas solicitadas a través das diversas subvencións (Deputación de Pontevedra e Xunta) pon a disposición da poboación dos recursos para dar cobertura ás resposta das necesidades percibidas.

Os recursos públicos existentes cos que conta a entidade local para o servizo da cidadanía son:

Servizos da administración local:

- Servizos Sociais (menores, xuventude, persoas maiores, familia, integración social, dependencia, igualdade e prevención da violencia de xénero,...). Atención Temperá: Información e Orientación, Servizo de axuda ao Fogar (teleasistencia e Xantar na Casa), Programa de Acollemento Familiar, Programa de Educación Familiar, e Actividades destinadas a Colectivos (muller, persoas maiores, infancia, necesidades especiais, Voluntariado,...).
- Servizos de conciliación familiar e laboral.
- Servizos de asesoramento e orientacións.
- Servizos de trámites e documentación.
- Servizos de formación e inserción laboral.
- Servizos culturais e de asociacionismo.
- Servizos de asistencia e prevención.
- Servizos de integración social.
- Servizos comunitarios e ambientais.

Recursos municipais:

- Casa do Concello: en Forcarei.
- Centros de saúde en Forcarei.
- Centros educativos: CEIP Nosa Señora das Dores, CEIP Soutelo de Montes, IES Chano Piñeiro, Escola Municipal de Música, e centro de Educación Infantil anexo á rede da Galiña Azul.



- Instalacións deportivas: 2 pavillóns deportivos, 2 piscinas municipais, 2 pistas de tenis (estas instalacións en Forcarei e Soutelo) e un ximnasio en Soutelo.
- Recursos de ocio e información: Centro Social de Forcarei e Centro da Xuventude. Actividades para persoas maiores, infancia, discapacitados, e muller.
- Bibliotecas Municipais: en Forcarei e Soutelo.
- Residencia da terceira idade.
- Recursos de Seguridade Cidadá: Policía Local.

Recursos turísticos:

- O contexto histórico cultural, patrimonial e medioambiental do Concello de Forcarei favorece as iniciativas emprendedoras.
- Destácase o turismo rural, gastronomía e festas de interese cultural como por exemplo: A Rapa das Bestas de Sabucedo; o Mosteiro de Aciveiro; o Observatorio Astronómico Público de Galicia, emprazado no lugar das Casetas; Terra de Muíños, áreas de lecer como o Cotelos, rutas de sendeirismo, etc.
- Cultura e festa gastronómicas: Festa da Richada, Festa do Cogomelo, Festa da Convivencia en Meavía, Festival Folk Crurrucahao e festa da Croca.
- Festas populares: As Dores, O Gaiteiro de Soutelo, San Roque,...

Traballo en Rede:

- O concello de Forcarei pertence a “Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero”. Esta Rede está promovida baixo o protocolo de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). A finalidade da Rede é ser un instrumento que permita conseguir o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando a poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo modelos alternativos de convivencia baseados no respecto e na igualdade.
- De cara á conciliación familiar e laboral, o Concello de Forcarei pertence á Rede de Escolas Infantís Galiña Azul xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- O Concello de Forcarei asinou no 2007 un convenio de colaboración coa Fundación San Rosendo. Debido ao crecente envellecemento da poboación, o Concello veuse na necesidade de aumentar os servizos prestados ás persoas maiores, dentro dos que se inclúe o Centro da Terceira Idade. A Fundación, sen ánimo de lucro, dedícase a xestionar Residencias e Centros de Asistencias nos núcleos rurais. Neste caso dentro do ámbito local, a residencia leva en funcionamento dende o 2010 cos seguintes servizos: apartamentos tutelados, Residencia da Terceira Idade e Centro de Día. E ademais, esta iniciativa contribúe



a impulsar na zona postos de emprego, que supón unha bolsa de traballo para as persoas en idade activa, en especial, das mulleres.

- Tamén pertence a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia, coa finalidade de fomentar a dinamización da lingua galega e consolidar a colaboración conxunta baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Canto ao tema da igualdade, a linguaxe é un tema importante, promovendo nas actividades e accións, como por exemplo a linguaxe inclusiva.



INDICADORES CUANTITATIVOS DAS ACCIÓNS REALIZADAS DO II PLAN DE IGUALDADE 2013-2017

ÁREA 1: SENSIBILIZACIÓN, DIFUSIÓN E INFORMACIÓN ORIENTATIVA

ANO	ACTUACIÓNS	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL MEDIA/ANO
2013				
	Servizo de información, orientación e valoración (Departamento de Servizos Sociais)	315	103	418
	Celebración e difusión a través de redes sociais, cartelería e diferentes medios orais e gráficos do día contra a violencia de xénero.	9	9	18
	Celebración de charla para familias sobre a corresponsabilidade e a igualdade	16	7	23
2014				
	Servizo de información, orientación e valoración (Departamento de Servizos Sociais)	1774	1197	2971
	Celebración e difusión a través de redes sociais, cartelería e diferentes medios orais e gráficos do día contra a violencia de xénero.	10	8	18
2015				
	Servizo de información, orientación e valoración (Departamento de Servizos Sociais)	1247	846	2096
	Celebración e difusión a través de redes sociais, cartelería e diferentes medios orais e gráficos do día contra a violencia de xénero.	10	8	18
2016				
	Servizo de información, orientación e valoración (Departamento de Servizos Sociais)	1290	757	2047



2017	Celebración e difusión a través de redes sociais, cartelería e diferentes medios orais e gráficos do día contra a violencia de xénero.	10	8	18
	Servizo de información, orientación e valoración (Departamento de Servizos Sociais)	1304	760	2064
	Celebración e difusión a través de redes sociais, cartelería e diferentes medios orais e gráficos do día contra a violencia de xénero.	10	8	18



ÁREA 2: CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E SOCIOLABORAL

ANO	ACTUACIÓNS	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL MEDIA/ANO
2013				
	Programa de atención á 1ª infancia en gardería	11	8	19
	Actividades infantís para o tempo de lecer no verán	23	12	35
	Actividades infantís para o tempo de lecer en Nadal e reis	12	8	20
	Colaboración coa Residencia de maiores en actividades festivas e de tempo libre para maiores	60	24	84
2014				
	Programa de atención á 1ª infancia en gardería	10	10	20
	Actividades infantís para o tempo de lecer no verán	18	10	28
	Actividades infantís para o tempo de lecer en Nadal e reis	8	7	15
	Colaboración coa Residencia de maiores en actividades festivas e de tempo libre para maiores	63	28	91
2015				
	Programa de atención á 1ª infancia en gardería	9	11	20
	Colaboracións coas Anpas dos colexios do municipio na realización de actividades durante o curso escolar fóra do horario lectivo	20	12	32
	Colaboración coa Residencia de maiores en actividades festivas e de tempo libre para maiores	61	26	87
2016				
	Programa de atención á 1ª infancia en gardería	9	11	20
	Colaboracións coas Anpas dos colexios do	10	5	15



2017	municipio na realización de actividades durante o curso escolar fóra do horario lectivo			
	Colaboración coa Residencia de maiores en actividades festivas e de tempo libre para maiores	58	27	85
	Programa de atención á 1ª infancia en gardería	6	10	16
	Colaboración coa Residencia de maiores en actividades festivas e de tempo libre para maiores	51	22	73



ÁREA 3: FORMACIÓN E EMPREGO

ANO	ACTUACIÓNS	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL MEDIA/ANO
2013				
	Impartición do certificado de profesionalidade de "Montaxe de mobles e elementos de carpintaría" (MAMR0108) AFD 2013/129-5	2	9	11
	Impartición do módulo formativo de "Inserción laboral, sensibilidade ambiental e na igualdade de xénero" 10 h.	2	9	11
	Impartición do módulo formativo de "igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" 8 h	2	9	11
	Impartición de curso de nivel básico de "Prevención de Riscos Laborais no sector Construción" 60 h.	2	9	11
	Contratacións municipais ao longo do ano en diferentes ámbitos	7	28	35
2014				
	Curso de Manipulador de Alimentos para sector Hostelería.	5	3	8
	Contratacións municipais ao longo do ano en diferentes ámbitos	6	25	31
2015				
	Impartición do certificado de profesionalidade de "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208) AFD 2015/84-5	14	1	15
	Impartición do módulo formativo de "Inserción laboral, sensibilidade ambiental e na igualdade de xénero" 10 h.	14	1	15
	Impartición do módulo formativo de "igualdade de oportunidades entre	14	1	15



	mulleres e homes" 8 h			
	Impartición de curso de Manipulación de alimentos para sector sociosanitario	14	1	15
	Contratacións municipais ao longo do ano en diferentes ámbitos	9	24	33
2016				
	Impartición do certificado de profesionalidade de "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais SSCS0208-AFD 2016/145-5	13	2	15
	Impartición do módulo formativo de "Inserción laboral, sensibilidade ambiental e na igualdade de xénero" 10 h.	13	2	15
	Impartición do módulo formativo de "igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" 8 h	13	2	15
	Impartición de curso de Manipulación de alimentos para sector sociosanitario 10 h.	13	2	15
	Contratacións municipais ao longo do ano en diferentes ámbitos	5	25	30
2017				
	Xornada de manipulación de alimentos e xestión de alerxenos	6	3	9
	Contratacións municipais ao longo do ano en diferentes ámbitos	3	17	20

ÁREA 4: SAÚDE E BENESTAR

ANO	ACTUACIÓNS	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL MEDIA/ANO
2013	Servizo de axuda no fogar . Libre concorrência (Departamento Servizos Sociais)	31	6	37
	Servizo de axuda no fogar .	15	9	24





	Dependencia (Departamento Servizos Sociais)			
	Teleasistencia domiciliaria (Departamento Servizos Sociais)	12	3	15
	Programa Xantar na Casa (Departamento Servizos Sociais)	3	1	4
	Programa de mantemento da saúde. Ximnasia de mantemento para maiores	20	0	20
2014				
	Servizo de axuda no fogar. Libre concorrência (Departamento Servizos Sociais)	34	8	42
	Servizo de axuda no fogar . (Departamento Servizos Sociais) Dependencia	14	8	22
	Teleasistencia domiciliaria. (Departamento Servizos Sociais)	12	3	15
	Programa Xantar na Casa (Departamento Servizos Sociais)	3	1	4
	Programa de mantemento da saúde. Ximnasia de mantemento adaptado á idade das persoas participantes	37	0	37
	Programa de pilates adaptado á idade das persoas participantes	79	4	83
2015				
	Servizo de axuda no fogar. Libre concorrência (Departamento Servizos Sociais)	35	12	47
	Servizo de axuda no fogar . Dependencia (Departamento Servizos Sociais)	15	9	24
	Teleasistencia domiciliaria (Departamento Servizos Sociais)	10	3	13
	Programa Xantar na Casa (Departamento Servizos Sociais)	5	1	6
	Programa de mantemento da saúde. Ximnasia de mantemento adaptado á idade das persoas participantes	44	2	46
	Programa de mantemento da saúde. Pilates	89	4	93



	adaptado á idade das persoas participantes			
	Programa rede Paraugas. Charla formativa éque é o Alzheimer e como detectalo?	15	10	25
2016				
	Servizo de axuda no fogar. Libre concorrência (Departamento Servizos Sociais)	73	23	96
	Servizo de axuda no fogar . Dependencia (Departamento Servizos Sociais)	23	10	33
	Teleasistencia domiciliaria (Departamento Servizos Sociais)	9	3	12
	Programa Xantar na Casa (Departamento Servizos Sociais)	4	2	6
	Programa de mantemento da saúde. Pilates adaptado á idade das persoas participantes	123	6	129
	Colaboración na actividade de mantemento físico "Zumba gold"	16	0	16
2017				
	Servizo de axuda no fogar. Libre concorrência (Departamento Servizos Sociais)	35	10	45
	Servizo de axuda no fogar. Dependencia (Departamento Servizos Sociais)	19	8	27
	Teleasistencia domiciliaria (Departamento Servizos Sociais)	9	3	12
	Programa Xantar na Casa (Departamento Servizos Sociais)	4	2	6
	Programa de mantemento da saúde. Pilates adaptado á idade das persoas participantes	135	5	140
	Programa de mantemento da saúde. Ximnasia hipopresiva	34	1	35
	Charla formativa sobre "envellecemento activo" en colaboración coa cruz Vermella	9	3	12



ÁREA 5: PREVENCIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

ANO	ACTUACIÓNS	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL MEDIA/ANO
2013				
	Actividades coeducativas infantís pola igualdade e o respecto mutuo : cociña divertida	12	9	21
	Actividade coeducativa infantil contra a violencia de xénero. Gran xogo de pistas e probas	17	11	28
	Commemoración do día contra a violencia de xénero	24	19	43
	Difusión das campañas institucionais contra a violencia de xénero tanto no Concello como a través de entidades prestadoras de servizos sociais municipais	18	2	20
2014				
	Actividades coeducativas infantís pola igualdade e contra a violencia de xénero (Aventuras para viaxar a outras culturas)	13	8	21
	Commemoración do día contra a violencia de xénero	26	11	37
	Difusión das campañas institucionais contra a violencia de xénero tanto no Concello como a través de entidades prestadoras de servizos sociais municipais	18	2	20
2015				
	Charla para as familias: traballando a coeducación e a corresponsabilidade familiar.	7	6	13
	Commemoración do día contra a violencia de xénero	27	12	39
	Difusión das campañas institucionais contra a violencia de xénero tanto no Concello como a través de entidades prestadoras de servizos sociais municipais	18	2	20
2016				
	Charla de concienciación social e difusión do	11	4	15





protocolo de actuación ante posibles casos
violencia de xénero "eu non encubro ningún
maltrato"

Conmemoración do día contra a violencia de
xénero

29

16

45

Difusión das campañas institucionais contra
a violencia de xénero tanto no Concello
como a través de entidades prestadoras de
servizos sociais municipais

18

2

20

2017

Conmemoración do día contra a violencia de
xénero

28

13

39

Charla sobre recursos e medios a
disposición das vítimas de violencia de
xénero.

6

4

10

Difusión das campañas institucionais contra
a violencia de xénero tanto no Concello
como a través de entidades prestadoras de
servizos sociais municipais

20

0

20



ÁREA 6: APROVEITAMENTO DO TEMPO DE LECER, ASOCIACIONISMO, CULTURA E DEPORTE

ANO	ACTUACIÓNS	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL MEDIA/ANO
2013				
	Concurso de redacción infantil e de conmemoración de eventos culturais (día das letras galegas)	13	11	24
	Actividades de música	16	17	33
	Fomento do deporte como instrumento de cohesión e igualdade . Apertura da pista de Pádel Uso anual das instalacións deportivas.	92	168	260
	Celebración do primeiro torneo de Pádel	10	30	40
	Colaboración na organización dos torneos deportivos a nivel rexional e nacional de motos, e karting no circuíto municipal da Madalena	177	203	380
	Colaboración coa Asociación de Mulleres Rurais na realización de actividades para as mulleres asociadas	35	0	35
	Actividades de ocio para maiores no centro social (baile para maiores, risoterapia, taller de memoria ...)	50	43	93
2014				
	Actividades lúdicas coeducativas . Unha viaxe pola igualdade	15	5	20
	Actividades de música			
	Colaboración na organización dos torneos deportivos a nivel rexional e nacional de motos, e karting no circuíto municipal da Madalena	179	231	410
	Actividades de ocio no centro social (baile para maiores, risoterapia, taller de memoria ...)	50	43	93



2015

Actividades de música

Colaboración na organización dos torneos deportivos a nivel rexional e nacional de motos, e karting no circuito municipal da Madalena

179

231

410

Celebración de torneo de pádel

10

30

40

Actividades de ocio no centro social (baile para maiores, terapias activas de benestar, taller de memoria ...)

50

43

93

Celebración do magosto popular

42

40

82

Colaboración na organización dos torneos deportivos a nivel rexional e nacional de motos, e karting no circuito municipal da Madalena

179

231

410

2016

Actividades de música

17

22

39

Actividades de ocio no centro social (baile para maiores, terapias activas de benestar, taller de memoria ...)

50

43

93

Taller de arranxos florais

16

0

16

Celebración do Magosto popular

66

42

108

Etnoexperiencias. Programa de recuperación do patrimonio inmaterial de Forcarei

16

16

32

Celebración de xornadas de portas abertas no Observatorio Astronómico de Forcarei

24

36

60

2017

Actividades de música

19

23

42

Colaboración no Festival de música e actividades convivenciais "De monte Sound"

210

220

430

Actividades de ocio no centro social (baile para maiores, terapias activas de benestar, taller de memoria e manualidades...)

50

43

93

Celebración do Magosto popular

64

58

122

Etnoexperiencias. Programa de

25

21

46





recuperación do patrimonio inmaterial
da Forcarei

Taller de actualización da conducción
para maiores de 65 anos. Circuito da
Madalena

4

6

10

Celebración de xornadas de portas
abertas de Astronomía no

19

28

47

Observatorio Astronómico de Forcarei



ÁREA 7: PARTICIPACIÓN SOCIAL

ANO	ACTUACIÓN	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL MEDIA/ANO
2013	Programa de actuación específica básico de inserción social (Departamento de Servizos Sociais)	86	58	144
	Programa de acollemento familiar (Departamento de Servizos Sociais)	8	1	9
	Xuntanza anual dos maiores	204	146	350
	Excursións sociais para maiores (Baiona)	37	20	57
	Programa de Termalismo Social do IMSERSO	15	10	25
	Programa DEPOTERMAL da Deputación de Pontevedra	46	34	80
	Programa de Turismo Social del IMSERSO	6	6	12
	2014	Programa de actuación específica básico de inserción social (Departamento de Servizos Sociais)	110	70
Programa de acollemento familiar alternativo (Departamento de Servizos Sociais)		6	2	8
Xuntanza anual dos maiores		174	138	312
Excursións sociais para maiores (Combarro)		39	21	60
Programa de Termalismo Social do IMSERSO		11	9	20
Programa DEPOTERMAL da Deputación de Pontevedra		46	26	72
Programa de Turismo Social do IMSERSO		6	4	10
2015		Programa de actuación específica básico de inserción social (Departamento de Servizos Sociais)	102	88
	Programa de acollemento familiar alternativo (Departamento de Servizos Sociais)	6	1	7



	Xuntanza anual dos maiores	172	138	310
	Excursións sociais para maiores (Sanxenxo - Illa de Ons)	33	22	55
	Programa de Termalismo Social do IMSERSO	8	8	16
	Programa DEPOTERMAL da Deputación de Pontevedra	36	22	58
	Programa de Turismo Social do IMSERSO	6	4	10
2016				
	Programa de actuación específica básico de inserción social (Departamento de Servizos Sociais)	97	79	176
	Programa de acollemento familiar alternativo (Departamento de Servizos Sociais)	3	1	4
	Xuntanza anual dos maiores	175	139	314
	Excursións sociais para maiores (Salvaterra de Miño)	32	22	54
	Programa de Termalismo Social do IMSERSO	8	6	14
	Programa DEPOTERMAL da Deputación de Pontevedra	28	24	52
2017				
	Programa de actuación específica básico de inserción social (Departamento de Servizos Sociais)	98	75	183
	Programa de acollemento familiar alternativo (Departamento de Servizos Sociais)	4	1	5
	Xuntanza anual dos maiores	167	135	302
	Excursións sociais para maiores (Santa Tecla)	34	21	55
	Programa de Termalismo Social do IMSERSO	7	5	12
	Programa DEPOTERMAL da Deputación de Pontevedra	32	26	58
	Programa de turismo social del IMSERSO	6	2	8



ÁREA 8: IGUALDADE DE XÉNERO A TRAVÉS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

ANO	ACTUACIÓNS	PARTICIPACIÓN		
		MULLERES	HOMES	TOTAL
2013				
	Promoción en páxina web municipal, prensa, bandos e cartelería das diferentes actividades coeducativas a prol da igualdade de dereitos e a erradicación da violencia de xénero realizadas no concello ao longo do ano.	9	9	18
	Promoción nos mesmos medios de comunicación de outras actividades de índole deportiva, cultural, asociativa, de formación e emprego, de participación social, de saúde e benestar, conciliación etc. Que promoven a igualdade de dereitos e a erradicación da violencia de xénero de maneira transversal.	9	9	18
2014				
	Promoción en páxina web municipal, prensa, bandos e cartelería das diferentes actividades coeducativas a prol da igualdade de dereitos e a erradicación da violencia de xénero realizadas no concello	9	9	18
	Promoción nos mesmos medios de comunicación de outras actividades de índole deportiva, cultural, asociativa, de formación e emprego, de participación social, de saúde e benestar, conciliación etc. Que promoven a igualdade e a erradicación da violencia de xénero de maneira transversal.	9	9	18
2015				
	Promoción en páxina web municipal, prensa, bandos e cartelería das	9	9	18



diferentes actividades coeducativas a prol da igualdade de dereitos e a erradicación da violencia de xénero realizadas no concello

Promoción nos mesmos medios de comunicación de outras actividades de índole deportiva, cultural, asociativa, de formación e emprego, de participación social, de saúde e benestar, conciliación etc. Que promoven a igualdade e a erradicación da violencia de xénero de maneira transversal.

9

9

18

2016

Promoción en páxina web municipal, prensa, bandos, cartelería, e redes sociais das diferentes actividades coeducativas a prol da igualdade de dereitos e a erradicación da violencia de xénero realizadas no concello

9

9

18

Promoción nos mesmos medios de comunicación de outras actividades de índole deportiva, cultural, asociativa, de formación e emprego, de participación social, de saúde e benestar, conciliación etc. Que promoven a igualdade e a erradicación da violencia de xénero de maneira transversal.

9

9

18

2017

Promoción en páxina web municipal, prensa, bandos e cartelería das diferentes actividades coeducativas a prol da igualdade de dereitos e a erradicación da violencia de xénero realizadas no concello

9

9

18

Promoción nos mesmos medios de comunicación de outras actividades de índole deportiva, cultural, asociativa,

9

9

18



de formación e emprego, de participación social, de saúde e benestar, conciliación etc. Que promoven a igualdade e a erradicación da violencia de xénero de maneira transversal.



INDICADORES CUALITATIVOS

Análise xeral:

A característica contextual predominante do entorno local corresponde a un ámbito rural ZPP: a masculinización, o avellentamento, a dispersión e o descenso da poboación como elementos estruturais esenciais.

A singularidade das mulleres locais require dunha atención específica que teña en consideración as súas diferentes necesidades e expectativas, xa que desempeñan unha función social e económica que non está compensada cun recoñecemento en canto a dereitos, visibilización ou valoración das súas achegas. É dicir, son as mulleres as que, de forma maioritaria, se responsabilizan das economías familiares, do traballo doméstico e da atención ás persoas en situación de dependencia.

Implementación do plan:

A implementación do Plan de Igualdade faise dende a realidade transversal, procurando unha participación positiva das mulleres.

Na definición da maioría das medidas de actuacións que se recollen no II Plan Municipal, non aparece especificado o grupo de persoas ou a poboación á que se dirixen aquelas medidas. Non obstante, grazas á análise da información rexistrada de cada actividade podemos identificar a poboación diana. Aínda que non dispoñemos de información relativa a todas as actividades, na maior parte delas dispoñemos do número de persoas que efectivamente se beneficiaron delas.

A primeira dicotomía que podemos establecer é a que diferencia accións dirixidas ao conxunto da poboación e as dirixidas a grupos específicos. Entre as accións destinadas a grupos específicos destacan, por exemplo, as orientadas a grupos de idade concretos (poboación infantil e xuvenil, maiores de 18 anos, persoas maiores, etc.) ou as dirixidas exclusivamente ás mulleres. Estas últimas poden ter como referencia o conxunto da poboación feminina ou grupos específicos de mulleres en función da idade, condición laboral, as responsabilidades familiares ou a situación social. Finalmente, hai actividades que teñen como poboación destinataria grupos concretos: poboación desempregada, pais e nais, persoas en risco de exclusión social, persoas maiores, persoas dependentes, etc.

Unha primeira análise dos grupos de poboación destinataria e beneficiaria amósanos que o repertorio de actividades que se levaron a cabo atinxiron amplos grupos da poboación. En primeiro lugar, rexístrase un número importante de actividades que se destinan ao conxunto da poboación local con independencia de idade e sexo. Neste caso, trátase de accións que responden á seguinte tipoloxía: actividades de carácter lúdico, cultural e deportivo con perspectiva de xénero ou actos reivindicativos e divulgativos aos que asisten veciños e veciñas de Forcarei de todas as idades.

Debemos destacar como aspecto moi positivo da execución do Plan o feito de que se establecesen como referencia amplos grupos de poboación, cubrindo unha diversidade de situacións, ou o feito de que en moitas actividades se procure a implicación e a participación colectiva e simultánea de distintos grupos, onde a participación das mulleres é moi alta. Un bo exemplo son as actividades



referidas ao benestar social, deportivas ou culturais e os actos reivindicativos nos que se procurou a participación de distintos grupos, incluíndo a convivencia interxeracional. Tamén as actividades de formación para a obtención de certificados profesionais.

Nesta análise da poboación beneficiaria, áchanse a faltar accións orientadas para traballar o valor da igualdade de xénero exclusivamente ou prioritariamente para homes, actividades orientadas a persoal técnico e funcionario do concello ou en referencia ao emprendemento feminino.

Emprego e formación:

Percíbese un incremento da participación das mulleres en todos os ámbitos profesionais, acadando maiores cotas de participación entre o conxunto da poboación traballadora. Pero a maioría das mulleres que levan a cabo iniciativas empresariais ou emprego baixo contrato adoitan elixir actividades que lles permiten compatibilizar as responsabilidades familiares.

Por outra banda, as mozas que se integran no mundo laboral teñen as competencias e as capacidades axeitadas para cumprir as súas funcións con profesionalidade. Na franxa de 22 a 30 anos é onde a muller ten maiores oportunidades de inserción laboral e establecer melloras das súas competencias coa experiencia e mellor contribución económica remunerada. Estas características seguen a repercutir nas seguintes situacións: por un lado, increméntase no tempo a tardanza da formación de familia; por outro, aínda non existen outras accións que verdadeiramente vinculen ao home na corresponsabilidade familiar, polo que aínda a corresponsabilidade se trata a través de servizos de conciliación, axudas económicas e permisos de paternidade, onde normalmente a muller é a que cede a súa disposición total.

As dificultades para rachar estereotipos vinculados aos roles masculino e feminino na familia e na vida laboral teñen tamén o seu importante papel nas dificultades que teñen as mulleres para participar en igualdade de condicións, xa que de forma obxectiva, soamente nos salarios, pensións, ou tipos de contratos seguen a ser destacables nas diferenzas detectadas en canto a igualdade de condicións.

O nivel formativo mellorou as condicións de cualificación, pero o fracaso escolar e o abandono prematuro dos estudos segue a ter influencias negativas cara á inserción laboral, destacando que nas mulleres a dificultade é superior, con postos inferiores e peor remunerados. Para os mesmos niveis de formación, a taxa de ocupación é superior nos homes, pero as diferenzas redúcense cando se acada un nivel de educación superior.

Por outra banda, coa estandarización dos certificados de profesionalidade, as mulleres e homes de máis de 45 anos con estudos primarios ou sen acadar o título de educación secundaria atopan maiores dificultades na preparación formativa para acadar dito certificado.

As mulleres seguen ocupando maioritariamente os traballos a tempo parcial e aqueles dedicados ao coidado de persoas dependentes. Diminúe a taxa de emprego feminino en función do número de fillas e fillos (non así entre os homes), e se temos en conta a situación profesional durante a vida laboral das mulleres que traballan por conta allea e conta propia só un 17% supera os 35 anos, cando a media entre os homes é do 49%.



Saúde e benestar:

Aínda que as mulleres teñen maior esperanza de vida respecto dos homes, manifestan peor estado de saúde dado que a súa calidade de vida vese diminuída pola combinación de factores sanitarios e sociais que inciden nela. As mulleres, relacionadas co rol de coidadoras como consecuencia da maternidade, coidado das persoas maiores e do proceso de socialización diferencial de homes e mulleres, teñen unha gran importancia na saúde da sociedade en xeral; como contrapartida, ás veces, subordinan a propia saúde e benestar á saúde e benestar da súa parella, fillas ou fillos, ou das persoas dependentes que estean ao seu coidado. Como consecuencia, as mulleres amosan máis tendencia a sufrir cefaleas, mareos sen causa orgánica, fatiga, beliscos gástricos, dor nas costas, angustia, insomnio, dores articulares ou problemas psicoafectivos.

Por outro lado o benestar familiar depende tamén dos ingresos económicos para facer cargo aos recursos básicos, polo que, novamente, a crise laboral e na economía tradicional, o envellecemento da poboación e os déficits formativos inflúen tamén na calidade de vida.

Conciliación laboral e familiar e corresponsabilidade doméstica:

A nivel xeral, arredor do 75 % da poboación estima que o Concello pon a disposición iniciativas de atención e servizos que axudan a conciliar o tempo familiar e laboral, ben a través de accións dirixidas ao menor ou ben de accións dirixidas ao coidado e atención das persoas maiores e/ou dependentes.

Con respecto a compartir as tarefas do fogar por parte dos membros da familia, repunta unha concienciación entre as novas parellas de mozas e mozos con respecto ás familias consolidadas de nais e pais de entre 45 e 59 anos de idade. Tamén cabe destacar unha concienciación positiva entre os menores de 16 anos de idade e mellorando as expectativas, sobre todo no sector masculino, nos menores de 12 anos de idade.

Ocio e tempo de lecer:

Canto á práctica cultural, deportiva e de actividades de lecer, cabe destacar as valoracións xerais estereotipadas expostas polo 80 % da poboación: diferenzas morfolóxicas físicas e de rendemento; maternidade; menores expectativas das nais, pais e docentes en relación coa práctica deportiva das mulleres; menor implicación deportiva das mulleres; estereotipos de xénero; e limitacións económicas e de tempo, así como dificultade para combinar a práctica cos roles familiares e sociais.

Na mocidade existe maior implicación das mulleres nas prácticas deportivas que por estereotipos se consideran masculinas, mentres que os homes son máis remisos ás prácticas deportivas consideradas estereotipadamente como femininas.

Linguaxe de comunicación:

O sexismo lingüístico fai referencia a aquelas prácticas de discriminación a través dunha utilización do idioma non igualitaria para ambos os sexos. É moi común empregar o masculino como falso xenérico englobando as mulleres e os homes.





Nunha porcentaxe alta, opínase que o uso dunha linguaxe sexista está inconscientemente empregado como linguaxe aprendida e empregada na rutina da vida diaria. Pero, dentro dos niveis educativos formais, a concienciación do alumnado é máis óptima, así como na perspectiva da publicidade, información, eventos e ofertas comerciais.

Concienciación contra a violencia de xénero:

En xeral a poboación manifesta a súa repulsa contra a violencia de xénero en todos os seus termos. Tamén son moi favorables os datos que apuntan ao coñecemento xeral dos signos de violencia física, así como os protocolos de actuación que se deben seguir. Non obstante, existe certo descoñecemento na poboación adulta dos signos de violencia doutra índole (psicolóxica, económica, etc.).

Por outra banda, existe certa reticencia á idea de denunciar un posible caso de malos tratos detectados entre veciñas e veciños, alegando o dereito de privacidade familiar e/ou problemas xudiciais.



ANÁLISE DAFO

DEBILIDADES

- Non todos os obxectivos foron claramente verificables, o que dificultou coñecer obxectivamente o grao de consecución.
- Falta de ferramentas adecuadas para poder aplicar o concepto da transversalidade de xénero.
- Persistencia de estereotipos arraigados na poboación, sobre todo nas persoas de maior idade.
- O espallamento da poboación rural dificulta en gran medida a participación das persoas con escasos recursos e falta de medios de transporte.
- Escasos recursos económicos para desenvolver outras accións que poden ser de interese social.
- Escasa oportunidade laboral, sobre todo nas mulleres a partir dos 45 anos con formación primaria.
- Poboación con alto índice de envellecemento que repercute nos labores do fogar e a atención ás persoas dependentes, que aínda seguen a estar baixo a responsabilidade da muller, cabeza de familia.

AMEAZAS

- Que existan faltas de coordinación entre os distintos departamentos da entidade local para levar a cabo o concepto de transversalidade canto á aplicación política do Plan de Igualdade.
- Que non exista o impulso de todos os estamentos políticos que forman o Concello para levar a cabo o II Plan de Igualdade.
- Que o proceso non se vexa incluído nunha dinámica municipal de planificación estratéxica.
- Que a crise económica impida a inserción laboral das mulleres e provoque dificultades no benestar familiar.
- Que a crise económica diminúa os recursos municipais para facer fronte aos servizos de benestar, formación e inserción laboral e promoción do propio Concello.



FORTALEZAS

- O grao de cumprimento das accións do I Plan Xeral Municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes é positivo, obtendo unha media de 69,2% de obxectivos conseguidos.
- Clara vontade política do departamento de Servizos Sociais, como instancia coordinadora do Plan de Igualdade.
- Desenvolvemento de accións que implican a participación xeral da comunidade e en grande medida da muller.
- O desenvolvemento de accións referidas á conciliación familiar e laboral, baixo servizos de atención e actividades lúdico-educativas dirixidas aos menores obtiveron grandes resultados, non só no favorecemento de compatibilizar o tempo laboral, senón tamén no fomento da coeducación e diminución de ideas estereotipadas, maior repulsa a situacións de discriminación por razóns de xénero e repulsa contra todo tipo de violencia.
- Realización dunha gran difusión das accións da área de Igualdade.
- Aumento do presuposto anual do Concello para realizar accións destinadas a mellorar as oportunidades das mulleres.

OPORTUNIDADES

- Existencias de subvencións doutras entidades que axudan a ampliar o rateo de accións dirixidas a igualdade de oportunidades de xénero.
- Promoción do ámbito turístico como oportunidade para o mantemento económico municipal.
- Promoción do ámbito laboral a través da innovación, que como consecuencia repercutirá na inserción laboral da poboación activa, así como no establecemento de oportunidades laborais para as mulleres.



CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

A continuación establécese unha serie de conclusións, así como recomendacións de carácter xeral de cara á programación dun “III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes”.

- En liñas xerais obsérvase un alto grao de axuste entre as temáticas elixidas para as actividades e o contexto municipal actual, isto está a indicar que se está respondendo ás demandas, necesidades e preocupacións da poboación.
- Os obxectivos, contidos e desenvolvemento metodolóxico das distintas accións realizadas en xeral parecen adecuadas; non obstante, sería preciso un maior seguimento para valorar os seus contidos, así como a satisfacción das persoas participantes nas diversas actividades.
- A pesar de contar con limitados recursos humanos para levar a cabo a execución do Plan, desenvolveuse unha porcentaxe significativa de accións en todas as áreas de intervención.
- Débense establecer unha serie de protocolos previos de aplicación durante a posta en práctica e seguimento das diversas actividades, desta forma poderase dispoñer da información pertinente e necesaria para realizar a adecuada avaliación do desenvolvemento das distintas accións. Entre elas, maior recollida de información das actividades (número de persoas desagregadas por sexo, perfil, contidos, grao de relevancia cara á persoa participante, etc.)
- É imprescindible seguir insistindo no compromiso político da consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para garantir a aplicación do concepto de transversalidade de xénero por todos os órganos e departamentos municipais.
- Seguir fomentando a formación do alumnado, profesorado, nais e pais, e no colectivo xitano en materia de xénero e igualdade de oportunidades coa finalidade de eliminar os estereotipos e prexuízos que transmiten valores, normas e actitudes que impiden a consecución da igualdade de oportunidades.
- Recoméndase establecer mecanismos de acción dirixidos a fomentar a busca de saídas educativas e laborais entre a mocidade fomentando a igualdade de oportunidades de condicións e iniciativas propias.
- Recoméndase incentivar cursos de formación e oportunidades de inserción laboral, así como incidir na regulación laboral das mulleres que traballan no sector primario que non constan como activas.
- Mellorar a situación laboral das mulleres rurais, facilitando a creación ou asesoramento de novos empregos e favorecendo e promovendo o emprendemento feminino, así como a procura de nichos de riqueza non explorados no ámbito local.



- A mellora da mobilidade incide de xeito positivo na xeración de riqueza dun territorio, ao tempo que facilita un acceso máis fluído aos servizos, e a participación en actividades profesionais, sociais ou culturais das mulleres do eido local.
- Atendendo á crise económica dos tempos actuais, establecer e garantir na medida do posible partidas orzamentarias que garantan os servizos de cara a conciliación familiar, así como os servizos de atención as persoas maiores e dependentes.
- Contemplan a educación das persoas de maior idade, como destinataria de formación en materia de igualdade de oportunidades, información, orientación e asesoramento.
- Incrementar accións directas e transversais dirixidas a reducir os desequilibrios de xénero dende a escala individual, familiar ata a pública: cambiar o modelo de familia de home provedor de ingresos + muller coidadora de cara a un modelo de familia corresponsable, de construír os estereotipos de xénero, fomentar o liderado das mulleres,... Hai que ter en conta que toda intervención dirixida aos cambios de mentalidade van ter resultados a medio/longo prazo.
- Contemplan accións que incentiven á poboación masculina á valoración da corresponsabilidade no coidado familiar.
- Recoméndase a programación, implementación e información cidadá do protocolo de detección e actuación ante a violencia de xénero.
- Recoméndase, dentro da actualidade e avance tecnolóxico, a promoción educativa e formativa do uso das novas tecnoloxías e das redes sociais para a promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.
- Recoméndase incentivar as prácticas deportivas como instrumento para visibilizar ás mulleres e contribuír á eliminación dos estereotipos sexistas existentes no ámbito deportivo. Así mesmo incentivar tamén as actividades realizadas polo colectivo masculino en deportes feminizados para contribuír o modelo de práctica deportiva de mulleres e homes.



BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTOS ESTUDADOS

DOCUMENTOS ESTUDADOS

- II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2013-2017 do Concello de Forcarei.
- Informes de accións realizadas durante o período 2013-2017.
- Formularios e noticias de prensa.
- Análise e perspectivas socioeconómicas da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes e do Concello de Forcarei.

BIBLIOGRAFÍA

- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- Familia, coidados e traballo non remunerado. O uso do tempo dos fogares de Galicia. (XUNTA. 2011)
- Informe anual de seguimiento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 2016.
- Familia, coidados e traballo non remunerado. O uso do tempo dos fogares de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar. 2011.
- Deputación de Barcelona. Buenas prácticas y auditorías de género. Instrumentos para políticas locales. Diputación de Barcelona. Barcelona, 2003.
- Fraser, Nancy. "Redistribución y reconocimiento: hacia una visión integrada de justicia del género". En, Radl Philip, Rita Mª, Mujeres e institución universitaria en Occidente. Universidade de Santiago de Compostela, 1996.
- Guía de buenas prácticas para conciliar la vida familiar y profesional, del Instituto de la Mujer del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales ,2009.
- Gómez Sánchez-Albornoz, Elisa. Guía para la aplicación práctica del mainstreaming de género en las administraciones públicas locales. El nuevo papel de la Concejalía de la Mujer. Federación de Municipios e Provincias de Madrid, Madrid, 2005.



- Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Instituto da Muller. Federación Española de Municipios e Provincias. Proposta práctica de intervención integral no ámbito local contra la violencia cara ás mulleres. Madrid, 2002
- Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: “Igualdad de Oportunidades entre mujeres y hombre en el próximo período de programación del Fondo Social Europeo (2001-2013)”
- Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Instituto da Muller. V Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, 2006-2010.
- Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Secretaría Xeneral de Políticas de Igualdade. Delegación Especial do Goberno contra a violencia sobre a muller. Plan nacional de sensibilización e prevención da violencia de xénero. Marco conceptual e eixos de intervención.
- Moser Claude, 1991. Las mujeres en la planificación del desarrollo. Necesidades prácticas y estratégicas de género. Ed. Hegoa, Bilbao.
- Navarro, Oliván, Natalia. Con las manos en la masa y, ¿ahora qué? Procesos de cambio organizacional proequidad. En Actas Congreso Economía Feminista. Jubeto, Y. e Batzarra Aktak, Buruzko Eds. Universidad do País Vasco. 2005.
- Navarro Oliván, Natalia. “Cambiar el chip: revisión de algunos conceptos para poder impulsar cambios organizacionales en pro equidad de género”. En, Género en la cooperación al desarrollo: una mirada a la desigualdad. ACSUR-Las Segovias. 2002.
- Radl Philipp, Rita María. Transformaciones en el comportamiento en función del género en la vejez: el caso de las relaciones familiares. Santiago de Compostela, 2003.
- Secretaría Xeral de Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia. Proxecto de Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Santiago de Compostela, 3 de maio de 2007.
- Servizo Galego de Igualdade. Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia. Lei para a igualdade de mulleres e homes. Santiago de Compostela, 2006.
- Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Instituto Galego de Estatística. Conta satélite de producción doméstica, 2003. Santiago de Compostela, 2006.
- Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade. Servizo Galego de Igualdade. A realidade da muller galega 2005. Santiago de Compostela, 2006.
- Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade. Servizo Galego de Igualdade. A situación das mulleres autónomas en Galiza. Santiago de Compostela, 2006.



- Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Familia, coidados e traballo non remunerado. O uso do tempo dos fogares de Galicia. Santiago de Compostela, 2006.
- Xunta de Galicia. Traballo e Benestar. Secretaría Xeral de Relacións institucionais. Violencia de xénero: actitudes e valoracións. Santiago de Compostela 2011
- Xunta de Galicia. Traballo e Benestar: Borrador do Plan Galego de Política Familiar. 2015-2018. Horizonte 2020.
- Uso do tempo dos fogares de Galicia. SIGLO XXI, 2009

PÁXINAS WEBS CONSULTADAS

www.ige.es

www.ine.es

www.igualdade.xunta.es

www.traballoebeneficio.xunta.es

www.edu.xunta.gal

www.depo.es

www.empleo.gob.es/es/igualdad/

www.msssi.gob.es/ssi/igualdadoportunidades

www.migualdad.es

En Forcarei, 11 de decembro de 2017